



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 22 DE XUÑO DO 2021

Alcalde-Presidente:

Carlos Ladra Brage

ASISTENTES

Concelleiros/as;

Grupo político municipal PSdG-PSOE

Concepción Rodríguez Ferreiro

Diana M^a. Rodríguez Fernández

Grupo político municipal BNG:

Iago Varela Martínez

Paula González Grueiro

Grupo político municipal PP:

Elena María Arias Martínez

Manuel González López

Javier Fernández Brage

María José Bouza Varela

Grupo Mixto:

María Eva García Amor

Xosé Manuel Pérez Sardiña

AUSENCIAS XUSTIFICADAS:

Secretaria-Interventora:

Irene Suárez López

Sesión telemática celebrada en virtude do artigo 46.3 da LBRL introducido pola Disposición Adicional segunda do Real Decreto legislativo 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes e complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19. Sendo as 9:00 horas do 22 de xuño do 2021, reúnense en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde, Carlos Ladra Brage, os/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, coa asistencia da Secretaria-Interventora Irene Suárez López, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Presidente declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

ORDE DO DÍA

1.- ELECCIÓN XUIZ DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE CABANAS.

Obra no expediente o ditame que se transcribe literalmente:

PROPOSTA ALCALDÍA PARA A ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE CABANAS

Constan no expediente administrativo os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro. Visto o escrito remitido pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con rexistro de entrada número 2021-E-RC-520, de data 29 de marzo de 2021, no que se expón que estando próximo a vencer o período de catro anos polo que se nomeou xuíz de paz titular do Concello de Cabanas a D. Diego Valentín Garrote Fraga, segundo anuncio de publicación de nomeamento do

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 125, de 4 de xullo de 2017, se inicie novo expediente para a elección de novo/a xuíz/a de paz titular, no prazo de tres meses, tal e como establece o artigo 101.4 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Segundo. Por Providencia de Alcaldía de data 6 de abril de 2021 iníciase expediente administrativo para a elección de xuíz de paz titular do Concello de Cabanas

Terceiro. En data 7 de abril de 2021 emítase informe de Secretaría-Intervención, sobre lexislación e tramitación a seguir no procedemento.

Cuarto. Por Resolución da Alcaldía 302/2021, de data 7 de abril de 2021, procédese á aprobación da convocatoria para a provisión de xuíz de paz titular, procedendo ao envío de anuncio correspondente ao Boletín Oficial da Provincia da Coruña, así como ao Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Ferrol.

Quinto. No Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº66, de data 12 de abril de 2021, procédese á publicación de anuncio de convocatoria de elección de xuíz de paz titular do Concello de Cabanas, outorgando un prazo de 15 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación do devandito anuncio, para a presentación e solicitudes de participación.

Sexto. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, en data 11 de maio de 2021, emítase certificado de Secretaría-Intervención, sobre as solicitudes presentadas durante o prazo outorgado ao efecto, sendo as que a continuación se relacionan:

SOLICITANTE	DNI	NÚM. REXISTRO	DATA
Diego Valentin Garrote Fraga	32706469D	2021-E-RC-722	16/04/2021
Alba Somoza González	79335813G	2021-E-RC-727	18/04/2021
Fernando Pereira Rodríguez	32707984Y	2021-E-RC-798	28/04/2021
Paula Loureda García	47360776G	2021-E-RC-821	28/04/2021
María Beatriz Barbeito García	764100806E	2021-E-RC-857	30/04/2021

Considerando o anteriormente exposto esta presidencia propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro. Proceder á elección mediante votación dos membros da Corporación da persoa que será designada xuíz de paz titular do concello de Cabanas.

Segundo. Dar traslado da persoa designada e do presente Acordo ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrución do Partido Xudicial, que o elevará á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, tal e como sinala o artigo 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

Quenda de intervencións (remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)

De seguido lévase a cabo a votación candidato a candidato acadándose o seguinte resultado:

- Diego Valentín Garrote Fraga: 4 votos a favor dos concelleiros do PP

- Alba Somoza González: 1 voto a favor do concelleiro do Grupo Mixto
- Fernando Pereira Rodríguez: 6 votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto.
- Paula Loureda Garcia: -
- María Beatriz Barbeito Garcia:-

Polo que se adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro. Proceder á elección de FERNANDO PEREIRA RODRÍGUEZ que será designado xuíz de paz titular do concello de Cabanas.

Segundo. Dar traslado da persoa designada e do presente Acordo ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrución do Partido Xudicial, que o elevará á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, tal e como sinala o artigo 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

2.MODIFICACIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA ACCESIBILIDADE E DOS SERVIZOS URBANOS NA ESTRADA N-651”.

Sometida a votación a ratificación da inclusión do asunto na orde do día é aprobada por dez (10) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG, Partido Popular e a concelleira do Grupo Mixto e unha (1) abstención do concelleiro do Grupo Mixto.

Obra no expediente a proposta de Alcaldía que de seguido se transcribe:

Expediente núm.448/2021

Asunto: Solicitud de subvención nominativa á Deputación da Coruña para levar a cabo a actuación “Mellora da accesibilidade e dos servizos urbanos na estrada N-651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas.”

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Mediante acordo plenario de data 28 de abril do 2021 foi solicitada subvención nominativa á Deputación da Coruña para levar a cabo a actuación “Mellora da accesibilidade e dos servizos urbanos na estrada N-651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas.”, en base ao proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, Antonio J. Durán Maciñeira.

Con data 4 de maio foi emitida autorización pola Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia, na que se informa favorablemente a actuación solicitada, pero supeditada ao cumprimento dunha serie de condicións particulares, detalladas na dita autorización.

O cumprimento destas condicións implica unha modificación do proxecto para o que se ten solicitado a subvención que supón á súa vez un aumento na contía prevista para a dita actuación que ascende agora a 437.130,59 € (IVE incluído)

E polo que, á vista do proxecto modificado redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Antonio J. Durán Maciñeira, e tendo en conta o escrito remitido pola Deputación provincial no que se indican as condicións a cumprir para a solicitude de subvencións nominativas, e polo que propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- *A modificación do apartado segundo do acordo plenario de data 28 de abril do 2021 de xeito que se solicita unha subvención nominativa por importe de 180.000,00 € á Deputación da Coruña, de acordo co orzamento recollido no proxecto modificado, tras a emisión da autorización da Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia de Mellora da accesibilidade e dos servizos urbanos*

na estrada N-651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas, sendo o coeficiente de financiación proposto o 41,1776261 %.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Deputación provincial.

Quenda de intervencións (remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)

Sometido o asunto a votación e por dez (10) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG, Partido Popular e a concelleira do Grupo Mixto e unha (1) abstención do concelleiro do Grupo Mixto adoptouse o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- A modificación do apartado segundo do acordo plenario de data 28 de abril do 2021 de xeito que se solicita unha subvención nominativa por importe de 180.000,00 € á Deputación da Coruña, de acordo co orzamento recollido no proxecto modificado, tras a emisión da autorización da Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia de Mellora da accesibilidade e dos servizos urbanos na estrada N-651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas, sendo o coeficiente de financiación proposto o 41,1776261 %.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Deputación provincial.

3. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA LEVAR A CABO A ACTUACIÓN “REFORMA DA NAVE MUNICIPAL DO POLÍGONO DE VILAR DO COLO PARA A MELLORA DAS CONDICIÓNS DE ACCESIBILIDADE E DE SEGURIDADE E CREACIÓN DE COWORKING”.

Sometida a votación a ratificación da inclusión do asunto na orde do día é aprobada por dez (10) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG, Partido Popular e a concelleira do Grupo Mixto e unha (1) abstención do concelleiro do Grupo Mixto.

Obra no expediente a proposta de Alcaldía que de seguido se transcribe:

Expediente núm. 856/2021

Asunto: Solicitud de subvención nominativa á Deputación da Coruña para levar a cabo a actuación “Reforma da nave municipal do polígono “Vilar do Colo” para a mellora das condicións e accesibilidade e de seguridade e creación de coworking.”

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a memoria elaborada polo primeiro Tenente de Alcalde, na que se xustifican as razóns de interese público ao obxecto de solicitar subvención nominativa á Deputación da Coruña, para levar a actuación “Reforma da nave municipal do polígono “Vilar do Colo” para a mellora das condicións e accesibilidade e de seguridade e creación de coworking.”

Visto, asemade, o proxecto que para a dita actuación obra no expediente, asinado polos arquitectos María Cruz Vigo Castro, Flavia C. Piñeiro Ces e Francisco J. Prieto Orallo.

Tendo en conta o escrito remitido pola Deputación provincial no que se esixe, entre outros, que xunto a solicitude da subvención, se achegue un certificado do Pleno da Corporación no que conste o interese público da solicitude de subvención provincial.

E polo que, proponho ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Considerar que o interese público da subvención nominativa cuxa solicitude se pretende está baseado nos argumentos que a continuación se reproducen:

O Concello de Cabanas, a través das áreas de Urbanismo e Promoción Económica, propón o proxecto de **Reforma da nave municipal do Polígono Vilar do Colo para a mellora das condicións de accesibilidade e seguridade e creación de coworking.**

Trátase dun proxecto de interese público que ten como principais obxectivos adecuar as instalacións existentes – de 2003 - na nave municipal situada no Polígono de Vilar do Colo en materia de accesibilidade, de salubridade e de seguridade fronte ao risco de incendio, tendo en conta o disposto ao respecto na Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación e no Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación, así coma na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade e demais normativa de aplicación; ao tempo que se contempla o acondicionamento da zona de oficinas e a habilitación dunha entreplanta para a creación dun ámbito destinado ao coworking.

Todas as actuacións contempladas son de grande interese, destacando:

- A corrección das eivas detectadas en relación coa accesibilidade dos servizos hixiénicos e dos itinerarios interiores.
- A sectorización das zonas con maior risco de incendio (zona de almacén e estacionamento de vehículos) do ámbito de oficinas, en orde de protexer ás e aos usuarios.
- As actuacións en materia de salubridade para corrixir numerosas humidades na zona de oficinas, derivadas de filtracións procedentes do exterior.
- O acondicionamento da zona de oficinas.
- A creación dunha zona de coworking cumprindo cos requirimentos necesarios para que no futuro este espazo poida integrarse na Rede Provincial de Espazos de Traballo da Deputación da Coruña.

Coas actuacións proxectadas soluciónanse as numerosas disfuncións detectadas na nave municipal de Vilar do Colo, co obxectivo de contar cun espazo de traballo para o persoal municipal de obras e servizos adaptado á normativa vixente, ao tempo que se pon en funcionamento un espazo de traballo compartido – coworking – demandando pola veciñanza de Cabanas para poder poñer en marcha novos proxectos empresariais e crear emprego, co apoio municipal e de outras administracións.

Pola necesidade e urxencia de execución deste proxecto, vese necesario a solicitude dunha subvención nominativa para o Concello de Cabanas, dado que a tramitación do POS 2021 xa está aprobada e que deste xeito demoraría máis a realización dos traballos citados en dito documento.

O orzamento total desta actuación é de 134.979,55 euros, os cales, xunto coa subvención nominativa da Deputación da Coruña, financiarase con fondos propios do Concello de Cabanas.

SEGUNDO.- Solicitar unha subvención nominativa por importe de 65.000 € á Deputación da Coruña, de acordo co orzamento recollido no proxecto **“Reforma da nave municipal do polígono “Vilar do Colo” para a mellora das condicións e accesibilidade e de seguridade e creación de coworking”**, sendo o coeficiente de financiación proposto o 48,1554428 %.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Deputación provincial.

Quenda de intervencións (remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)

Sometido o asunto a votación e por dez (10) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG, Partido Popular e a concelleira do Grupo Mixto e unha (1) abstención do concelleiro do Grupo Mixto adoptouse o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Considerar que o interese público da subvención nominativa cuxa solicitude se pretende está baseado nos argumentos que a continuación se reproducen:

O Concello de Cabanas, a través das áreas de Urbanismo e Promoción Económica, propón o proxecto de **Reforma da nave municipal do Polígono Vilar do Colo para a mellora das condicións de accesibilidade e seguridade e creación de coworking.**

Trátase dun proxecto de interese público que ten como principais obxectivos adecuar as instalacións existentes – de 2003 - na nave municipal situada no Polígono de Vilar do Colo en materia de accesibilidade, de salubridade e de seguridade fronte ao risco de incendio, tendo en conta o disposto ao respecto na Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación e no Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación, así coma na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade e demais normativa de aplicación; ao tempo que se contempla o acondicionamento da zona de oficinas e a habilitación dunha entreplanta para a creación dun ámbito destinado ao coworking.

Todas as actuacións contempladas son de grande interese, destacando:

- A corrección das eivas detectadas en relación coa accesibilidade dos servizos hixiénicos e dos itinerarios interiores.
- A sectorización das zonas con maior risco de incendio (zona de almacén e estacionamento de vehículos) do ámbito de oficinas, en orde de protexer ás e aos usuarios.
- As actuacións en materia de salubridade para corrixir numerosas humidades na zona de oficinas, derivadas de filtracións procedentes do exterior.
- O acondicionamento da zona de oficinas.
- A creación dunha zona de coworking cumprindo cos requirimentos necesarios para que no futuro este espazo poida integrarse na Rede Provincial de Espazos de Traballo da Deputación da Coruña.

Coas actuacións proxectadas soluciónanse as numerosas disfuncións detectadas na nave municipal de Vilar do Colo, co obxectivo de contar cun espazo de traballo para o persoal municipal de obras e servizos adaptado á normativa vixente, ao tempo que se pon en funcionamento un espazo de traballo compartido – coworking – demandando pola veciñanza de Cabanas para poder poñer en marcha novos proxectos empresariais e crear emprego, co apoio municipal e de outras administracións.

Pola necesidade e urxencia de execución deste proxecto, vese necesario a solicitude dunha subvención nominativa para o Concello de Cabanas, dado que a tramitación do POS 2021 xa está aprobada e que deste xeito demoraría máis a realización dos traballos citados en dito documento.

O orzamento total desta actuación é de 134.979,55 euros, os cales, xunto coa subvención nominativa da Deputación da Coruña, financiarase con fondos propios do Concello de Cabanas.

SEGUNDO.- Solicitar unha subvención nominativa por importe de 65.000 € á Deputación da Coruña, de acordo co orzamento recollido no proxecto “**Reforma da nave municipal do polígono “Vilar do Colo” para a mellora das condicións e accesibilidade e de seguridade e creación de coworking**”, sendo o coeficiente de financiación proposto o 48,1554428 %.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Deputación provincial.

E non habendo mais asuntos que tratar deuse por finalizada a sesión sendo as nove horas e trinta e cinco minutos estendéndose a presente acta da que, eu, Secretaria, certifico.

Vº e